

## :: 'MIXED REALITY'

Os especialistas do Espacio Psicoanalítico de Barcelona atopan en Second Life, de forma pioneira, a maneira de achegarse ós pacientes, que falan abertamente das súas "fantasías e problemas" escudándose en identidades virtuais que eles mesmos crean

# Os 'avatares' tamén se psicanalizan

LAURA CAMINO

"Teño un amigo que ten un problema que..." Escudarse en identidades falsas para recoñecer certos aspectos da nosa vida é un método que nunca caduca. E é efectivo. De feito, é a idea da que parte o primeiro gabinete psicoanalista que presta atención, e ofrece formación, mediante a realidade virtual de Second Life. "Algúns pacientes poden chegar a falar das súas fantasías ou dos seus problemas con máis facilidade se os atribúen ós seus avatares -persoaxes virtuais-, posto que son eles mesmos pero ó mesmo tempo non son eles mesmos", explica o especialista e co-director do Espacio Psicoanalítico de Barcelona, a primeira institución que ofrece atención psicoanalítica virtual e formación simultánea no mundo real e virtual ('mixed reality').

## Como xorde o proxecto?

Ademais de psicoanalista son informático. Empecei a ver moitas noticias de Second Life ata que un día o probei e me impresionou a sensación inmersiva, a sensación que un ten cando está dentro. Entón os fabricantes anunciaron que se faría voz. Así, coa voz e con esa sensación de inmersión enseguida nos decatamos de que tiña unhas aplicacións bestiais tanto para a clínica como para a docencia. Pódese atender a pacientes neze mundo inmersivo, que é moi diferente de escoitalos por teléfono. Podemos facer terapias de grupo con xente moi dispersa xeograficamente. De feito en agosto estiven facendo terapia a un grupo desde Ibiza, e eles estaban



Unha sesión individual cos avatares da especialista, sentada, e o paciente, no diván, na Isla Lacaniana

## AS FRASES



### José María Blasco

"Non hai que pensar que os bonequiños eses -os 'avatares'- non teñen expresión nin ollada. Si a teñen, porque se ve onde miran, como veñen vestidos, se saben moverse, se se trabucan..."

cada un na súa casa. Tamén ocorre que moitas veces nos atopamos con xente que le os nosos libros e nos di que lles gustaría seguir os cursos pero non poden porque están en México, en Bos Aires ou en Madrid, e cun aula virtual si poden 'vir'.

### Está xa funcionando?

Si, en probas desde xuño e a pleno rendemento desde agosto.

### Non é un problema a falta de comunicación cara a cara, de contacto visual co paciente?

No noso tipo de terapia o que nos interesa do paciente é o que nos di, porque a psicanálise traballa exclusivamente coa palabra, polo que en realidade é o mesmo que por teléfono, cousa que facemos desde hai moito tempo. Por outra parte, non hai que pensar que os bonequiños eses non teñen expresión nin mira-

da. Si teñen, porque se ve onde miran, como veñen vestidos, se saben ou non moverse, se se trabucan...

### Semella un tanto paradoxal falar de terapias psicolóxicas nun entorno tan polémico precisamente polos problemas de confusión entre mundo real e virtual que produce nos usuarios...

Hai que distinguir Second Life como plataforma e como xogo. Unha persoa pode facer un 'avatar' para asistir exclusivamente a un curso ou a unha terapia. Aí non aparecen duplicidades real-virtual, simplemente é un instrumento como o teléfono ou o e-mail. Pero é un lugar, e como en todos os lugares hai xente que entra a divertirse e xente que entra para facer cousas serias, e nós estamos para facer cousas serias. Tamén nos decatamos de que baixo a tutelaxe da terapia hai per-

soas que poden crear un 'avatar' de fantasía co que son capaces de falar de fantasías e problemas reais. Así, esa confusión real-virtual, esa pregunta 'son eu? non son eu?' que se prantexa continuamente pode ser un instrumento terapéutico interesante. Por exemplo, tivemos unha rapaza bastante gorda que nunca puidera falar do tema en terapia de grupo. Creou un 'avatar' guapisimo, foi á praia cun biquini fantástico, ... e despois veu ó grupo e contou o fantásticamente ben que o pasou e que diferencia hai entre a súa realidade e ese 'avatar'. E sen ter que pasar a angustia de dicir 'o meu corpo me dá un asco espantoso', que é en realidade o que lle sucede, consegue falar do seu problema corporal cos seus compañeiros.

### Como funciona esa realidade simultánea ou 'mixed reality'?

As clases dámolas á vez na realidade e en Second Life. É dicir, eu dou a clase na aula que temos en Barcelona para 60 persoas é ó mesmo tempo estou conectado co meu 'avatar' en Second Life. E así todo o que eu digo na realidade se transmite co sistema de voz ós alumnos virtuais, e o que din estes o escoitan, polos altavoces, os alumnos reais. De forma que a comunicación é bidireccional, en tempo real e perfecta. Non é que deamos clases en Second Life, senón que o reciclamos, usámolo como unha ferramenta. Como un mecanismo de telepresencia masiva.

### Con cantos usuarios contan?

Os psicoanalistas e persoal de secretaría suman 15 persoas. Alumnos, arredor de 10, pero móvense moito. E en terapia, 8 pacientes virtuais. ● [www.epbcn.com/extensionvirtual](http://www.epbcn.com/extensionvirtual)